

MINI E MERO (OU MERO E MINI)

Temos moito que dar e tomar. Moito. E neste febreiro nada camiseiro, por unha ou outra razón, na nosa vida de andar de cada día atopámonos cos nomes de Murguía, o Lazareto de San Simón (cárcere), X.Mª Álvarez Blázquez, o Tío Marcos da Portela, Eduardo Pondal, o día internacional da Lingua Materna (pois nós temos Lingua de nós, materna pois), Laxeiro, Rosalía de Castro (que como MOBILIZA), Álvaro Cunqueiro. Velaí un bastante do moito que nos define en un mes. Engadirei tamén no antedito os nomes de Mini e Mero que veñen de ser nomeados MESTRES DA MEMORIA pola AELG. Celebremos vida.

Sempre dixen que para ordear as cousas temos que nos poñer a soñar e diso, dos soños, nacen – e tamén xorden nestes dous nomes propios, digo Mini e Mero - contidos que constrúen realidades. Realidades que non se miran nas vinganzas, nin nos parladoiros de palabrerías baleiras mesmo de falsa amabilidade, e si o fan nas transformacións obligadas que se producen na e desde a verdade. Direi transformacións que conlleven dignidade para a dignidade. Un ben delas e deles, galegas e galegos indo ao paso calmo pero seguro dos nosos mestres cantores Mini e Mero, desexamos vernos, sermos estando, nun pobo que será normal (xa que logo xigante en quen é, determinado e soberano) convivindo cos múltiples soños de fonda coherencia e responsabilidade. Por iso – e no exemplo auténtico dos nosos dous xa nomeados - a nosa creatividade

apoiañada na memoria colectiva, viva e popular, deberá facerse alomenos tan grande como o noso pobo (e niso poder dicir que todas e todos temos para todas e todos). Velaí un equilibrio fino – memoria viva acumulada de cultura nosa - entre soñar e pensar que se di en querer. Pois que mal nos vai e sabémolo pola confianza posta nalgúns falabaratos que viven a estupidez como patoloxía, cando o

amor non pide paso e os soños se corrompen manipulando o que din evocar (mesmo usándonos como parapetos), pois para estes, encerellados en redes complexas de falseidades, mentir volveuse un xénero de vida, pero nós, xunto cos Mestres da Memoria (e ben más), así recoñecidos

eles pola AELG, aprendendo deles, señores cantores da resistencia, apañadores de tanto ben, nesa correspondencia, diremos que nos espazos de memoria e identidade (neste noso Pobo do Galego) non hai nada que olvidar e nada hai que esconder. Non fagamos histeria da nosa historia. Basta de vivirmos en continuo estado de supervivencia, xa que o noso futuro pasa polos espazos comúns de resistencia e a cultura popular galega constitúe unha forma coherente de ver o mundo e niso a

memoria, o sustantivo con substancia que nos explica con enorme claridade, faise o sustento primordial do noso ir e vir de cada hora en camiño de sermos máis nós e así materializalo en fonda identidade.

Mini e Mero (Mero e Mini) camiñando ilusionados, animados pola nosa esencia nacional, a Lingua e Cultura, en arrecendo de pobo, na mirada limpia e na horizontalidade da actitude de construír, poñen materia e forma na nosa memoria popular. Fano desde a comunicación que crea azos, desde a simpleza do compartir, nesa naturalidade, e así colleñ e recollen vida que aportan ao noso colectivo patrimonio. Eles dous non andan para pillar e gardar, para silenciar, para non molestar, para non remexer nas cousas, non. Eles acollen vida para que brille a verdade, a riqueza, a grandeza, si, a deste pobo que se constrúe e eles aportan obra e tempo nesa tarefa. Gozan da converxencia multidisciplinar sempre e cando as cousas sexan sentementos “de dentro” (como di o Mero) e leven a xenerosidade propia de quen restaura e pon para termos materia que nos dea forma e nos defina. Non andan polos ritos, nin polas celebridades. Os seus aturuxares son de solidariedade, de alegría por vernos máis nós e así aportan e asemade estimulan, comunican, para que todas e todos gocemos de ver que temos ben más do que pensabamos e moito más que sacar á vista. Mini e Mero non se moven por espazos da nosa memoria para silenciar. Tampouco circulan por ritos rutinarios de días de gardar


que lles dean indulxencias para todo o ano. Non calan, non. Son incómodos.

As súas ideas e méritos recoñecidos (coma este da AELG) sitúanlos na tarefa da determinación de Galicia e así na súa lexítima soberanía.

As súas palabras, a música e letra, desde o arquivo oral e tradicional, nesa modernidade comprensiva,

tan sustentatoria, non configuran ningún discurso en papel mollado. Mini e Mero na súa tarefa que se lles reconoce (Mestres da Memoria), na absoluta militancia no noso Pobo do Galego, concretan exemplarmente que o tema non é vingarse da realidade que sufrimos. A responsabilidade é transformala. E niso camiñan e laboran neste noso anaco de sol. Deles dous sacamos agradablemente que para levarmos futuro xa neste presente temos que ir contra o olvido. Ese non sei, seica din, mellor non remover, etc.. Hai que militar na memoria (e no seu rescate). Parabéns pois a eles e para nós tamén.

As insuas
David Otero



Escritor

**Non fagamos
histeria da nosa
historia. Basta
de vivirmos en
continuo estado
de supervivencia**